


PARA ESCOLLER PEIXE RESPONSABLE COS OCÉANOS

*mira a
etiqueta*



GREENPEACE



www.pescadodetemporada.org

PÓDESTES FACER SOCIO/A DE GREENPEACE
CHAMANDO AO TELÉFONO **902 100 505**
OU VISITANDO **www.greenpeace.org**

GREENPEACE

NOME COMERCIAL *Nome científico*

Os nomes comerciais son os que coñecemos, pero os científicos son exactos. Por iso no novo etiquetado teñen que aparecer os dous.

Método de produción

Como foi producido. Pode ser: capturado ou capturado en auga doce ou de cría (acuicultura)

Categoría arte de pesca

As artes de pesca agrúpanse nas sete categorías que podes ver neste panfleto.

Zona de captura

Indica onde foi capturado o produto, non só con zonas FAO, se non cun nome doado de entender polos consumidores

Data de desembarque/
porto de desembarque

Desconxelado

Debe indicar se o peixe foi conxelado ou non

Consumir antes da data
de caducidade

Peso neto

Operador alimentario

Marca de identificación

00,00

Etiqueta de certificación
Código de resposta rápida



En **amarelo**: Parte do etiquetado imprescindible para identificar o peixe sustentábel.

En **negro**: Información que aparece obrigatoriamente por normativa.

En **azul**: Información voluntaria.



asi é a etiqueta que debe levar o peixe

APRENDE A “DESCIFRALA” E SÉ LIBRE PARA ESCOLLER O QUE CONSUMES!

Fixándote na etiqueta do peixe, poderás escoller o máis achegado e o capturado dun xeito máis selectivo. Os elementos nos que te tes que fixar son:

- 1.- **Nome comercial ou denominación comercial da especie.** Ou o que é o mesmo, o nome co que se coñece habitualmente.
- 2.- **O nome científico.** Moi importante para comprobar que non nos enganar.
- 3.- **Zona de captura.** Canto máis preto, máis posibilidades de que proceda de pesca responsábel. No caso da península, as áreas máis achegadas son a zona FAO 37 (que corresponde ao Mar Mediterráneo) e a zona FAO 27 (subzona VIII que corresponde ao Atlántico Nordeste).
- 4.- **Categorías de arte de pesca.** Neste novo etiquetado, poderás atopar todas estas categorías: redes de tiro, rastros e nasas, redes de enmalle e similares, redes de cerco e redes izadas, liñas e anzois, redes de arrastre e trampas. Evita comprar aqueles peixes nos que poña “redes de arrastre”, xa que é a técnica de pesca máis daniña.
- 5.- **Método de produción.** Atoparás peixes capturados, capturados en auga doce ou de cría (acuicultura). Escolle mellor ‘peixe capturado’, a acuicultura ten un grande impacto ambiental e social.